



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Os novos Fondos Europeos e a súa execución en España

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Unión Europea: políticas públicas e procedementos comunitarios

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	12
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2016
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	C.MONOGRÁFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 29/03/2016 - 00:00h ao 06/04/2016 - 11:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Os Fondos Europeos constituíron sempre un instrumento de gran importancia para o desenvolvemento de Políticas rexionais, sociais ou estruturais en Europa e en España. No ano 2013, o Lexislador europeo aprobou o novo «paquete lexislativo» que regulará os Fondos Europeos para os próximos anos.

O obxectivo deste curso monográfico é analizar, desde unha perspectiva pluridisciplinar (xurídica, técnica, administrativa e académica), non só o novo marco normativo europeo senón tamén a súa execución en España, abordando cuestións cruciais coma a distribución de competencias entre as distintas administracións (europea, estatal ou autonómica), os obxectivos e prioridades temáticas de cada Fondo, os elementos comúns de xestión de todos eles ou a funcionalidade dos contratos administrativos e das subvencións como instrumentos de execución. Desta maneira, o curso monográfico pretende constituírse nun foro de análise e reflexión sobre os Fondos Europeos que permita aos distintos actores implicados (administracións, empregados públicos, beneficiarios, etc.) desenvolverse con seguridade no novo marco regulatorio e operativo.

DESTINATARIOS

Empregados das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local, das universidades do Sistema Universitario de Galicia, persoal das entidades do sector público, xuristas, profesionais e persoas interesadas en xeral.

PROGRAMA

Serán tratados, entre outros, os seguintes temas:

Investir nas rexións: a política de cohesión reformada da UE 2014-2020.

Novos e permanentes retos para os Estados Membros na xestión dos Fondos Europeos.

Os Fondos Europeos en España 2014-2020 (Acordo de asociación e xestión compartida entre administracións).

O Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

O Fondo Social Europeo.

A implementación dos Fondos no novo período de programación 2014-2020.

Programas e Proxectos como marco político estratéxico dos Fondos Europeos.

Os contratos administrativos como instrumentos de execución dos Fondos Europeos.

As subvencións como instrumentos de execución dos Fondos Europeos.

Os fondos europeos en Galicia: período 2014-2020.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Aforo do local.

3. DATOS EDICIÓNS**SANTIAGO****LOCALIDADE:** Santiago de Compostela**INICIO / FIN:** 07/04/2016 a 08/04/2016**NUM. PRAZAS:** 286**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)**DATA EXAME:****DOCENTES NOMEADOS**

GUZMAN GARCIA GONZALEZ-POSADA

DAVID ORDOÑEZ SOLIS

MARIA JOSE MUÑOZ MARTÍNEZ

JAVIER GUILLEN CARRAU

MERCEDES FUERTES LOPEZ

JUAN MANUEL SANCHEZ-TERÁN LLEDÓ

ANA BELEN SANZ TRIGO

ANGEL LUIS TARRIO TOBAR

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME**SALON DE ACTOS:** O día 07 de abril de 09:00 a 14:00. O día 07 de abril de 16:00 a 20:00. O día 08 de abril de 09:00 a 14:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA